



Premio de Investigación “MetalBIO”

Preámbulo

Un dos piares do progreso das sociedades consiste no seu desenvolvemento científico e tecnolóxico, o cal permite coñecer mellor as claves do mundo no que vivimos e tamén xerar ferramentas para transformalo dun xeito sustentable para mellorar as condicións de vida da humanidade. Dende a rede de investigación MetalBIO e a Asociación Profesional para a Difusión da Ciencia Química queremos reivindicar a necesidade de reforzar a aposta polo sistema de I+D+i como base para superar moitos dos retos aos que se afronta a humanidade, retos para a optimización de recursos (alimenticios, ambientais, materiais, etc.), para a consecución de melloras sociais e de saúde e tamén para o desenvolvemento económico.

Os integrantes da rede MetalBIO teñen manifestado o compromiso de procurar traballar na superación destes retos dende o seu ámbito de coñecemento, para o desenvolvemento de novos fármacos ou produtos con propiedades terapéuticas, marcadores para radio-diagnose, catalizadores biomiméticos con aplicacións en procesos industriais e alimenticios, control e tratamento de contaminación por ións pesados, etc. Este compromiso fundaméntase na intención de procurar unha orientación aplicada da súa investigación buscando que sexa útil para a sociedade nos prazos máis curtos posible.

O **Premio de Investigación MetalBIO** ten como obxecto incentivar e promover a actividade científica e divulgativa entre o estudiantado das universidades galegas, procurando avanzar na sensibilización sobre a importancia da investigación, en particular no ámbito da bioinorgánica e da bioquímica, como vía de progreso da sociedade.

BASES

1. Participantes

Poderá participar calquera alumno ou alumna con matrícula nun grao en calquera das universidades galegas durante o curso 2014-2015.

2. Documentación a presentar na solicitude

A seguinte documentación presentarse en formato electrónico remitíndoa a metalbio@metalbio.org :

a) **Solicitud cuberta** (acceso ao formulario en www.metalbio.org) en formato .doc, .docx, .odf, .odt, .pdf ou formato de imaxe.

b) **Proxecto científico en formato cartel** no que se describa un avance científico no ámbito da bioinorgánica ou da bioquímica de metaloproteínas. Pódese realizar en calquera dos idiomas de comunicación que utiliza MetalBIO: galego, castelán, inglés e portugués. O alumnado pode escoller entre os avances dos últimos sesenta anos e independentemente de onde e por quen foran realizados. O estilo da elaboración do cartel é libre, pero recoméndase:

(i) axustarse a un formato 120 cm (alto) x 90 cm (ancho) elaborado en PowerPoint ou similar (o arquivo pódese enviar en formato .pdf ou formato de imaxe .jpg, .tif, .png);

(ii) presentar unha breve introdución do avance científico, onde foi publicado, quen liderou a investigación, a estrutura do composto (cando o avance implique un produto) e a relevancia que este avance supuxo (ou suporá) para o progreso da sociedade.

3. Prazo de admisión

A documentación requirida remitirase ao enderezo electrónico metalbio@metalbio.org. O prazo de admisión de solicitudes finaliza o **10 de xullo de 2015**. Os candidatos recibirán unha mensaxe confirmando a correcta recepción da documentación. Ningunha solicitude será aceptada fóra do prazo. Aos quince primeiros participantes remitiráselle un exemplar do libro *"Ións metálicos en sistemas biolóxicos"*.

4. Dotación dos premios

Primeiro premio de 400 euros + diploma + matrícula gratuíta no curso de verán "Retos e oportunidades da industria de procesos químicos" (Lugo, 20-23 xullo 2015)

Tres accésits que consisten na **matrícula gratuíta** no curso de verán "Retos e oportunidades da industria de procesos químicos" e **50 euros** para gastos de aloxamento.

Os premios poderán quedar desertos se así o estima o xurado.

5. Composición do xurado

-Manuel Bermejo Patiño, coordinador da Rede MetalBIO.

-Alfonso Castiñeiras Campos, secretario da Asociación Profesional para a Difusión da Ciencia Química.

-Marcelino Maneiro Maneiro, coordinador do grupo de innovación docente en didáctica e divulgación científica *CienciaNOSA*.

-Rosa Pedrido Castiñeiras, vogal da Asociación Española de Bioinorgánica *AEBIN*

O xurado valorará principalmente a calidade dos traballos presentados atendendo a criterios académicos, pero tamén terá en conta criterios estéticos na composición do cartel.

6. Fallo do xurado e entrega dos premios

O fallo do xurado comunicarase antes do 17 de xullo persoalmente por correo electrónico aos premiados e na páxina web de metalBio. A decisión do xurado será inapelable. A entrega dos premios efectuarase o 23 de xullo coincidindo coa clausura do curso de verán *“Retos e oportunidades da industria de procesos químicos”*.

7. Confidencialidade, difusión dos traballos e dereitos de propiedade intelectual.

Os datos persoais aportados terán carácter confidencial e acceso restrinxido, e como tales serán tratados tanto pola organización do premio como polo xurado. A propiedade intelectual pertence aos autores dos traballos pero a organización resérvase o dereito de difundir os carteis que se presenten ao certame polos medios que estime oportunos coa finalidade de incidir na visibilización da investigación no ámbito proposto.

A participación neste certame implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.